



ACTA DA RESOLUCIÓN DA X BOLSA NACHO MIRÁS PARA XORNALISTAS NOVEIS

A ‘Bolsa Nacho Mirás para xornalistas noveis’, naceu como recoñecemento ao xornalista que lle dá nome, quen foi colexiado do CPXG e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Mirás caracterizouse pola defensa da valía dos novos xornalistas, o espírito de facerse valer, de formase o máximo posible e defender así o posto de xornalista.

A bolsa está organizada e desenvolvida polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e patrocinada por Abanca, e conta coa colaboración da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC

O xurado da bolsa, composto por Ainhoa Apestegui, Isaac González, Darío Janeiro, Xosé López, Xosé Manuel Pereiro, Belén Regueira, Xoán Soler e Fernando Varela, reuniuse o pasado venres 17 de outubro para resolver o certame deste ano.

O secretario deu conta de que, unha vez rematado o prazo de presentación de traballos, o pasado 15 de setembro de 2025, se contabilizaron un total de 15 proxectos que foron remitidos a cada un dos membros do xurado para a súa avaliación.

Recibidas as valoracións de cada un deles, puxéronse en común as impresións e debateuse co obxectivo de elixir o traballo, ou traballos, gañadores.

Froito deste diálogo, o xurado decidiu outorgar, na súa décima edición, a ‘Bolsa Nacho Mirás para xornalistas noveis’ de forma íntegra ao proxecto **Trescentostrece**.

Trescentostrece é un proxecto presentado por Paula Pérez Cantelar, Xoel Rodríguez Poy e Iria Ramos Mesía. Nace como unha iniciativa de divulgación e de proximidade co obxectivo de percorrer os 313 concellos de Galicia para dar a coñecer as súas historia, curiosidades e realidades. Todo visualizado a través das redes sociais, centrándose en TikTok e Instagram.

O traballo gañador contará coa mentorización dun ou dunha profesional en activo do Colexio de Xornalistas para acompañar e resolver ás dúbidas que poidan xurdir durante a posta en marcha do proxecto.



Nos vindeiros días comunicarase a decisión do xurado ao proxecto gañador, así como ao resto dos e das participantes, e farase público o acordo mediante vías habituais.

Asemende, o xurado aproba uns novos prazos para a entrega do proxecto gañador, dado o adiamento que se fixo para a recepción dos mesmos. O proxecto finalizado terá que estar presentado antes do **31 de marzo de 2025**.

Sen máis asuntos que tratar, e facendo constar o agradecemento da organización aos membros do xurado polo seu traballo, así como os parabéns ao proxecto elixido, levántase a sesión.

E, para que así conste, asíñase esta acta en Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2025.

Darío Janeiro

Secretario do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia